

**CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS E EMPRESARIAL PARTICIPANTES NO DIÁLOGO SOCIAL EN GALICIA PARA O IMPULSO DO PROCESO E O DESENVOLVEMENTO E SEGUIMENTO DOS ACORDOS ASINADOS.**

En Santiago de Compostela,

**REUNIDAS/OS**

Dunha parte, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, en nome e representación do departamento do que é titular en virtude das facultades representativas propias do seu cargo, derivadas do disposto no *Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia* e do artigo 34 da *Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia*

Doutra parte,

Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa, en calidade de presidente electo na Asemblea Xeral Electoral celebrada o 25 de febreiro do 2025, da CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA – CEG, con NIF G15080476 en nome e representación da dita organización.

Cristóbal Medeiros Fernández, en calidade de secretario xeral da entidade UGT GALICIA, elixido no 14º Congreso de UGT-Galicia, CON NIF G15383011, celebrado o 27 de febreiro do 2025, en nome e representación da dita organización.

Amelia Pérez Álvarez, en calidade de secretaria xeral da entidade SN DE CCOO GALICIA, con NIF G15103112, elixida no 13º Congreso Nacional de CC.OO Galicia celebrado o 15 e 16 de maio do 2025, en nome e representación da dita organización.

Recoñecendo que interveñen exercendo as facultades e funcións dos seus cargos, ademais de en nome das entidades que representan,



## MANIFESTAN

**PRIMEIRO.** O Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración adscribe a este departamento da Administración Autonómica as competencias para promover e impulsar o diálogo social na Xunta de Galicia, como elemento clave para facer fronte aos retos do emprego, sen prexuízo da súa transversalidade e das áreas competenciais do resto das consellerías.

Dentro desta Consellería, á Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais corresponde a coordinación e o impulso do diálogo social en Galicia, de acordo co artigo 19.k) do dito Decreto 147/2024.

A Subdirección Xeral de Relacións Laborais, inscrita nesta Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, desenvolve "a promoción, coordinación, desenvolvemento, control e execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia laboral, responsabilidade social empresarial e de medidas de conciliación corresponsable da vida persoal, familiar e laboral nas empresas, así como a modulación das relacións laborais cos axentes económicos e sociais" de acordo co artigo 25.1.a) do dito Decreto 147/2024.

**SEGUNDO.** Este é un convenio específico: ten por obxecto regular as subvencións nominativas que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración concede ás organizacións sindicais e empresarial participantes no diálogo social en Galicia para o impulso do proceso e o desenvolvemento e seguimento dos acordos asinados. Son subvencións de concesión directa previstas nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma que se axustan ao disposto na *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia* no artigo 26.2 a) e no artigo 37 do *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

**TERCEIRO.** As organizacións mais representativas: Unión General de Trabajadores-Galicia (UGT-Galicia), Sindicato Nacional de Comisiones Obreiras de Galicia (S.N de CC.OO de Galicia) e a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) son, xunto coa Xunta de Galicia, as entidades participantes no Diálogo Social en Galicia. A Organización Internacional do Traballo (OIT) define o diálogo social como un proceso de información, de consulta ou de negociación. Neste contexto, os sindicatos participantes, a patronal e a Xunta de Galicia acordan que sexa un proceso de negociación comprometido, transversal e dotado con fondos, que defina políticas públicas para incidir no benestar das galegas e galegos.



Un dos principais resultados deste proceso foi a sinatura en decembro do 2019 dos “Acordos para avanzar cara unha Galicia máis igualitaria e sostible” nos eidos de igualdade de oportunidades, contratación pública socialmente responsable no sector público galego, transformación tecnolóxica da industria galega, políticas activas de emprego e modernización das relacións laborais.

O acordo apostaba por manter de xeito estable a cooperación tripartita, facendo do proceso de participación un ámbito de diagnose compartida e de identificación de obxectivos comúns aos que responder con políticas públicas concertadas. Garantindo, ademais, medios de avaliación e seguimento efectivo dos acordos e dos traballos nas mesas de negociación.

No 2020 considerouse indispensable intensificar o acordo do Diálogo Social rubricado o 10 de decembro de 2019, polo que o 23 de setembro de 2020, UGT-Galicia, o S.N de CC.OO de Galicia e a CEG xunto coa Xunta de Galicia, asinaron a “Declaración para a reactivación económica e social de Galicia” para seguir traballando polo futuro de Galicia.

Na dita declaración establecéronse como prioridades: a competitividade empresarial, as políticas de emprego e o reforzamento dos servizos públicos, especialmente a sanidade, a educación, os servizos sociais e a dependencia e a protección social; co obxectivo de mellorar a calidade dos empregos, das prestacións e dos servizos os cidadáns.

Para a consecución destes obxectivos os catro actores implicados reúnen en mesas sectoriais. Nos últimos anos o traballo das mesas continuou segundo o marco de cooperación pactado, avanzando no desenvolvemento e implantación das medidas acordadas para continuar coa análise da eficacia dos distintos acordos, de cara á súa posible revisión segundo as necesidades que se detecten.

Así mesmo correspóndelles deseñar os mecanismos económicos, laborais e sociais correspondentes para impulsar a transformación económica de Galicia, mellorar o estado de benestar reforzando os servizos públicos e avanzar na cohesión da Galicia rural e urbana. Neste sentido, os axentes implicados apostan por manter de xeito estable a cooperación tripartita na procura de que o modelo económico galego sexa máis competitivo, avanzado e eficaz, facilitando deste xeito a creación de emprego e a súa calidade.

En base ao anteriormente exposto, as partes asinantes ACORDAN o presente CONVENIO de acordo coas seguintes



## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA. Obxecto do convenio e organizacións destinatarias**

O obxecto do presente convenio é promover o Diálogo Social a través da participación nas mesas de negociación; da execución de medidas polas organizacións sindicais e empresarial estipuladas na cláusula segunda; e do seguimento e avaliación permanente dos acordos e medidas:

- A participación nas mesas de negociación constituídas así como outras que se poidan constituír para a consecución dos acordos relativos á mellora da calidade do emprego e das relacións laborais, o progreso económico e a cohesión social. As mesas constituídas ata o momento son:

#### 1 - Mesa de Emprego

- 1.1.- Grupo de traballo "Políticas activas de emprego e flexibilidade da formación"
- 1.2.- Grupo de traballo "Prevención de riscos laborais e absentismo laboral"
- 1.3.- Grupo de traballo "Igualdade laboral"

#### 2 - Mesa de Economía e Industria

- 2.1.- Grupo de traballo "Transición enerxética e dixital"
- 2.2.- Grupo de traballo "Reindustrialización de Galicia"
- 2.3.- Grupo de traballo "Naval"

- A execución das medidas polas organizacións sindicais e empresarial da segunda cláusula así como a elaboración de propostas para outras medidas que se acorden abordar no seo do proceso de diálogo social.
- A avaliación e seguimento dos acordos e medidas coa posibilidade de crear novos acordos ou medidas, así como eliminar, modificar ou revisar os que xa existen.

### **SEGUNDA. Actuacións de apoio ao proceso de Diálogo Social en Galicia**

As actuacións que realizarán as organizacións participantes, sen prexuízo do que poidan determinar na Comisión de seguimento prevista na cláusula novena, no proceso de Diálogo Social son as seguintes:



### **Impulso e seguimento dos acordos acadados e doutros que se poidan alcanzar no proceso de diálogo social:**

- Continuar co traballo técnico das mesas nos eidos abordados e acometer outros que se acorden.
- Seguimento e avaliación permanente dos acordos acadados, que se estenderá tamén á análise da eficacia das distintas medidas, de cara á súa posible revisión segundo as necesidades que se detecten.
- Colaborar na difusión dos acordos pactados no proceso e dos seus resultados.

### **Apoio no desenvolvemento das medidas acordadas:**

- En materia de **políticas activas de emprego e flexibilidade da formación:**
  - ✓ Definición e, no seu caso, execución, de novos programas e iniciativas de emprego destinadas a colectivos con necesidades especiais en materia de emprego.
  - ✓ Seguimento dos indicadores.
- En materia de **igualdade laboral:**
  - ✓ Definición e seguimento de medidas e axudas ás empresas e persoas traballadoras na definición e implantación dos plans de igualdade, así como a súa avaliación e seguimento.
  - ✓ Deseño e seguimento de medidas en materia de brecha salarial e de xénero.
  - ✓ Deseño e seguimento de medidas de conciliación, tales como teletraballo.
  - ✓ Elaboración e remisión a esta Secretaría Xeral dos indicadores relativos aos gabinetes técnicos en materia de igualdade laboral e de oportunidades contra a fenda salarial, dependentes das organizacións sindicais e empresarial, para medir e avaliar os seus resultados.



- En materia de **Transición enerxética e dixital**:
  - ✓ Seguimento da Axenda de Transición Enerxética Xusta de Galicia e propostas de transición enerxética e descarbonización.
  - ✓ Impulso as medidas e cambios tecnolóxicos para a adaptación das empresas a esta transformación.
- En materia de **Diagnose compartida en materia de emprego**. Realizar unha diagnose compartida en materia de emprego que analice o impacto da transformación tecnolóxica sobre o mercado laboral, as persoas traballadoras e as persoas desempregadas, incluíndo:
  - ✓ Síntese cuantitativa da situación do mercado laboral.
  - ✓ Análise do impacto da tecnoloxía no emprego.

### TERCEIRA. Ámbito de aplicación e vixencia do convenio

O presente convenio terá vixencia desde o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025 e abarcará todas as actuacións sinaladas na cláusula segunda do presente convenio realizadas desde o 1 de xaneiro ata o 5 de decembro de 2025.

### CUARTA. Orzamento e financiamento das actuacións previstas

O importe total das subvencións que concederá a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para o desenvolvemento das actuacións previstas na cláusula segunda do presente convenio será de **400.000,00 euros**, coa seguinte desagregación:

1. Confederación de Empresarios de Galicia (CEG): 200.000,00 euros.
2. UGT-Galicia: 100.000,00 euros.
3. SN de CCOO de Galicia: 100.000,00 euros.

A achega financeira da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración será con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.324A.481.8, código de proxecto 2020



00012, consignados na Lei de Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

O importe sufragará os custos salariais; os gastos de elaboración e xestión dos informes e estudos; e os custos relativos á celebración das xornadas informativas, que se poderán realizar en calquera modalidade (presencial, en liña ou mixta).

A CEG, como entidade beneficiaria, poderá desenvolver as actuacións previstas no presente convenio a través das catro Confederacións Provinciais fundadoras da CEG, como membros asociados desta, que se comprometan a executar a totalidade ou parte da actividade que fundamenta a subvención en nome ou por conta desta.

#### **QUINTA. Pago das actuacións**

De conformidade co artigo 62 do *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro*, poderán facerse pagamentos a conta que suporán pagamentos fraccionados segundo o ritmo de execución das accións subvencionadas neste Convenio.

Tal e como establece o artigo 63.1 do *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro*, as entidades beneficiarias poderán solicitar, a partir da data da sinatura do presente convenio, estes pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio.

Poderanse solicitar pagamentos anticipados de acordo cos límites establecidos no artigo 63 do Decreto antedito.

As entidades beneficiarias poderán solicitar, a partir da data da sinatura do presente convenio, pagos parciais das actuacións segundo o exposto na cláusula sexta do presente convenio, unha vez realizados os gastos correspondentes ás tarefas e actividades dos que este é obxecto.

De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro*, as entidades beneficiarias deste convenio quedan exoneradas da constitución de garantías.



## SEXTA. Prazo e forma de xustificación

A xustificación das subvencións percibidas no marco do presente convenio efectuarase por parte de cada unha das entidade asinantes antes do día 12 de decembro do 2025. A solicitude de pago deberá achegar unha memoria explicativa das actividades desenvoltas con cargo ao gasto certificado, entre estas deben engadirse as medidas da cláusula segunda executadas.

Considéranse, ao abeiro do artigo 29 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño*, gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido. Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación do presente convenio. En todo caso, estes pagos deberán referirse a actuacións desenvoltas no proceso de diálogo social entre o 1 de xaneiro do 2025 e o 5 de decembro do 2025.

Para os efectos de xustificación, terán a consideración de gastos subvencionables os custes salariais das persoas asignadas por cada unha das entidades beneficiarias, que se encargarán de levar a cabo as devanditas actividades contempladas na cláusula segunda; os derivados dos informes, estudos e traballos técnicos; e os custos relativos a actividades de difusión e a celebración de xornadas informativas desenvoltas no período que abrangue o presente Convenio (do 1 de xaneiro do 2025 ao 5 de decembro do 2025) relativas aos contidos descritos na cláusula segunda.

Admitirase a posibilidade de subcontratación de traballos técnicos correspondentes ás actividades deste convenio.

As entidades beneficiarias deste convenio poderán subcontratar, por unha soa vez, a realización das accións financiadas con cargo a este convenio, tendo en conta que a subcontratación non pode supoñer un aumento do custo de execución das accións subvencionadas, e que deberá realizarse consonte co establecido no artigo 27 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño*. Ademais, as empresas subcontratistas deberán facilitarlle aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas. Esta subcontratación poderá chegar ata o 75% do importe total subvencionado.

Cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e o dito importe sexa superior a 60.000 euros a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Que o contrato se subscriba por escrito.
- b) Que a súa subscripción a autorice previamente a Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais a través dunha comunicación escrita, presentando unha memoria xustificativa para ese efecto.



De acordo co artigo 29 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño*, para todos os gastos non relacionados anteriormente será necesaria a súa previa comunicación e xustificación á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, que deberá autorizalos por escrito para que teñan a consideración de gastos subvencionables.

A acreditación farase mediante as facturas, nóminas ou xustificantes correspondentes, acompañadas dos xustificantes de pagamento bancario destas. Todas as facturas, nóminas e xustificantes presentados deberán estar referidas de forma inequívoca á entidade beneficiaria e ao período que abrangue a subvención.

A documentación xustificativa deberá presentarse en soporte electrónico á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración diminuírá proporcionalmente. Así mesmo, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a concesión destas subvencións, as entidades están obrigadas ao reintegro parcial ou total das mesmas, tal e como se establece no artigo 37.2 f) do *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro*.

De acordo co artigo 14.1.n) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño*, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se minorará ou reintegrará serán os seguintes:

-Procederá non realizar o pagamento da totalidade da axuda concedida nos casos de:

- a) No caso de obter a axuda falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que a impedirían, procederá o reintegro total.
- b) O incumprimento das obrigas ou compromisos deste convenio dará lugar ao reintegro da totalidade da axuda concedida.

-No caso de incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a obtención doutras axudas compatibles dará lugar ao reintegro parcial do 5% da axuda concedida.

O cobramento das cantidades reflectidas neste convenio serán compatibles coa percepción de calquera outra axuda pública ou privada da mesma natureza



sempre que a suma das percepcións non supere o custo da actividade subvencionada.

### **SÉTIMA. Requisitos e obrigas**

As entidades beneficiarias deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño* e estarán suxeitas ao cumprimento das obrigas recollidas no seu artigo 11 e no *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro*.

As entidades beneficiarias do presente convenio, conforme ao disposto no artigo 11 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño*, asumen as seguintes obrigas:

- Levar a cabo as actuacións do Convenio.
- Xustificar ante a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración o cumprimento dos requisitos e condicións inherentes ao presente convenio.
- Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control financeiro competentes, como é a Dirección xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico da Consellería de Facenda e Administración Pública, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Comunicarlle á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- Acreditar que están ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- Conservar os documentos xustificativos da subvención concedida, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 3 do artigo 15 da dita lei.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos recollidos no artigo 33 da *Lei 9/2007, de 13 de xuño*.



Así mesmo, as entidades beneficiarias do presente Convenio, conforme ao disposto no artigo 37.2.g) do *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro*, están obrigadas a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Ademais, e en virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as entidades beneficiarias deste convenio están obrigadas a subministrar á Administración, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da dita lei. O incumprimento desta obriga determinará, no seu caso, a imposición das multas coercitivas previstas no apartado 4 do citado artigo.

#### **OITAVA. Réxime sancionador**

As entidades beneficiarias están suxeitas ao réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións, de conformidade co previsto nos artigos 50 e seguintes da *Lei 9/2007, de 13 de xuño* e no *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro*.

#### **NOVENA. Comisión de Seguimento**

Crearase unha Comisión de Seguimento do presente Convenio para a súa avaliación e coordinación, así como para incorporar modificacións e/ou posibles correccións necesarias para unha axeitada xestión das actuacións previstas. A Comisión de Seguimento estará composta por dúas persoas representantes de cada entidade asinante do convenio.

#### **DÉCIMA. Divulgación e publicidade**

As entidades asinantes consenten en que se inclúa e faga pública no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios a achega outorgada por medio do presente convenio, de acordo co establecido na *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro* e no *Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006*.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e o resto de especificacións contidas nel, de conformidade co *artigo*



*15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149 do 3 de agosto).*

De conformidade co establecido no *Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas*, estas axudas serán publicadas na Base de datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións*.

### **DÉCIMO PRIMEIRA. Disponibilidade dos resultados e conclusións das actuacións realizadas**

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración terá libre acceso aos datos, resultados e conclusións que se deriven das accións e estudos realizados no marco deste convenio, e poderá utilízalos no exercicio das súas propias funcións e competencias.

### **DÉCIMO SEGUNDA. Extinción do convenio**

Este convenio extinguirase por terminación do prazo de duración, por incumprimento dalgunha das entidades asinantes das estipulacións, requisitos e obrigas contidas nel ou por mutuo acordo das partes.

### **DÉCIMO TERCEIRA. Normativa aplicable**

Sen prexuízo de calquera outra normativa que resulte aplicable, será de aplicación ao presente convenio:

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

### **DÉCIMO CUARTA. Natureza, réxime xurídico e xurisdición competente**

O presente convenio ten natureza xurídico – administrativa, sen que en ningún caso poidan derivarse del dereitos ou obrigas de carácter laboral. Os seus efectos réxense polo establecido nas súas cláusulas e, no non previsto, aplicaráselle o artigo 47 e seguintes da *Lei 40/2015, do 1 de outubro*. Así



mesmo tamén se estará ao previsto na *Lei 9/2007, do 13 de xuño* e no *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro*.

As controversias que puidesen xurdir entre as partes asinantes deste convenio sobre a súa interpretación, execución ou resolución serán resoltas, en primeiro termo, no seo da Comisión de Seguimento a que se refire a cláusula novena.

Se non hai acordo, decidirá a persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Os seus acordos poñen fin á vía administrativa e someteranse á Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa.

#### **DÉCIMO QUINTA. Réxime de modificación do convenio**

Este convenio poderá ser modificado por acordo das partes, a través da formalización da correspondente addenda.

De acordo co disposto no artigo 31.4 da *Lei 14/2013, do 26 de decembro, de Racionalización do Sector Público Autonómico*, o convenio poderá modificarse unilateralmente pola Administración cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan dixitalmente o presente convenio na data que figura na sinatura electrónica

O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

José González Vázquez

Pola CEG

Por UGT-Galicia

Polo SN de CCOO de  
Galicia

Juan Manuel Vieites  
Baptista de Sousa

Cristóbal Medeiros Fernández

Amelia Pérez Álvarez

